

FIRST MAN (O PRIMEIRO HOME)

[Damien Chazelle, 2018]

448

ESTREA EN NUMAX: 19.10.2018 | V.O.S.E. | +7

First Man (2018, 133')

Dirección: Damien Chazelle

Guión: Nicole Perlman, Josh Singer (Libro: James R. Hansen)

Elenco: Ryan Gosling, Jason Clarke, Claire Foy, Kyle Chandler, Corey Stoll, Pablo Schreiber, Lukas Haas, Brian d'Arcy James, Aurelien Gaya, Ciarán Hinds, Ethan Embry

Son: Allan Padelford

Montaxe: Tom Cross

Dirección de arte: Rory Bruen

Música: Justin Hurwitz

Vestuario: Mary Zophres

Fotografía: Linus Sandgren

Produtoras: Universal Pictures, DreamWorks SKG, Temple Hill Entertainment, Perfect World Pictures (Estados Unidos)

Distribuidora: Universal

Formato de proxección: DCP2K, 2.39:1

Idioma orixinal: Inglés

PREMIOS E FESTIVAIS

Venecia 2018 (Filme inaugural)

FILMOGRAFÍA

La La Land, 2016

Whiplash, 2014

Whiplash, 2013 [curtametraxe]

Guy and Madeline on a Park Bench, 2009

SINOPSE

Relato en primeira persoa da vida do astronauta Neil A. Armstrong e a lendaria misión que o converteu no primeiro home que pisou a Lúa. O filme centra a súa historia no programa espacial que levou a cabo a NASA entre 1961 e 1969, desde as primeiras investigacións até o momento en que finalmente Neil Armstrong viaxa á Lúa no Apolo 11, unha das misións espaciais máis perigosas da historia.

«Un filme sobrio e contemplativo que nos implica emocionalmente, con tensión visceral e tamén suspense»

David Rooney,

THE HOLLYWOOD REPORTER



FIRST MAN (O PRIMEIRO HOME)

[Damien Chazelle, 2018]

★
EUROPA CINEMAS
CREATIVE EUROPE - MEDIA SUB-PROGRAMME

“Ryan Gosling ten algo da determinación de Neil Armstrong”

Entrevista con Damien Chazelle

Por Killiam Fox

O teu novo filme semella moi diferente a *La La Land* (2016), namentres aquela era moi vistosa e emotiva, *First Man* é sobria e claustrofóbica. Quería facer algo que se sentise como o polo oposto a *La La Land*, ao igual ca *La La Land* era o oposto a *Whiplash* (2014), cando menos emocionalmente. Mais tamén tiña interese en explorar novos mundos, este é o meu primeiro filme non directamente relacionado coa miña experiencia vital.

De pequeno non estabas interesado nas viaxes espaciais? Si, pero non máis do que un rapaz calquera. Diría que estaba máis interesado nos filmes sobre viaxes espaciais ca nas viaxes en si. Sempre me interesei pola arte, xa fora música, filmes, pintura ou narrativa. Por suposto ao emprender este proxecto intereseime máis ca nunca, viaxei a Houston e decateime de que se quería facer un filme sobre o tema tiña que abrochar o cinto e aprender.

En que punto esta historia era persoal para ti? Para min o filme parte dun intento por facer dun soño unha realidade, e aí coincide con *La La Land*

ou *Whiplash*. Tamén quería poñer en valor o traballo de astronauta que, no cinema adoita representar de maneira escura, con mans suorosas, vómitos na camisa, sucidade, etc.

O senador republicano Marco Rubio queixouse de que non amosases a bandeira americana chantada na lúa. Xa prevías esa reacción? Realmente non. O verdadeiro sentido do filme era contar a parte da historia que ficaba inédita, vermos cousas que non foran amosadas. Así que foi unha escolla estética, non política.

Trátase do teu segundo filme con Ryan Gosling. Foi a túa primeira opción? Ryan levou a cabo unha profunda inmersión no personaxe e ten algo da determinación e obsesión de Neil Armstrong á hora de acometer os seus retos. Na rodaxe das tomas facía preguntas continuamente a un astronauta que tiñamos no set para saber se estaba a premer o botón correcto en cada momento.

Sinto lembrarche o enredo da gala dos Oscar 2017, mais lembras o que pasou pola túa mente cando por confusión deron a *La La Land* como gañadora e finalmente a premiada foi *Moonlight* (Barry Jenkins, 2016)? [Risas] Estaba tan lonxe que non entedín o que sucedeu a maior parte do tempo. Foi cando o equipo de *Moonlight* comezou a festexalo que alguén me viu explicar o sucedido. O que a xente desde a casa non ve é que, nas galas de entrega de premios, coñeces equipos doutros filmes e fas amigos. Quen

foi para a casa co premio é se cadra o menos importante, pero fíxome moi feliz participar da gala con eles.

Tes falado no pasado de ter unha relación obsesiva co traballo. Como é a relación entre vida e traballo agora? Seguramente mellor ca no pasado. É unha sorte ter xente que te obriga a desconectar. A miña muller é de moita axuda nese sentido. Coido que sen ela ficaría tirado nun recanto ou simplemente sería menos humano.

Que fas no teu tempo libre? Encántame a lectura. Vexo filmes, obviamente. escoito música. Tamén me encanta viaxar a cidades como Londres ou París e camiñar as rúas. Sempre me atraeu a idea de ser un *flâneur*, un camiñante da cidade. Só vagar pode ser profundamente inspirador.

Que é o seguinte? Falando de París, vou volver o mes que vén gravar dous episodios dunha serie de Netflix chamado *The Eddy*. Vai dun club de jazz rexentado por un expatriado. Segue o seu día a día no club e na rúa. Mentres tanto tento escribir o meu seguinte filme, mais é moi cedo para contar de que vai. Xa teño material para traballar pero tamén me emociona ter algo de incerteza.

Publicado en theguardian.com
Tradución: Xan Gómez Viñas

NA LIBRARÍA NUMAX

El primer hombre, James Hansen
Debate, 2018

La La Land, Damien Chazelle
Universal [DVD & BluRay]

Whiplash, Damien Chazelle
Sony [DVD]

NUMAX

NUMAX, S. Coop. Galega
Concepción Arenal, 9 baixo
15702 Santiago de Compostela
TELF 981 560 250 | www.numax.org

4€
Faito
NUMAX!
Abónate
agora e ven
sempre por